

Convocatoria ordinaria 2024  
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Si responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 5 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 5 primeras respondidas**.*

**PREGUNTA 1. Desenvolva os seguintes dous temas:** / *Desarrolle los dos temas siguientes:*

Extensión aproximada: media páxina cada tema. / *Extensión aproximada: media página cada tema.*

**1.1.** As cantigas medievais: cantigas de Santa María e cantigas de Martín Códax. / *Las cantigas medievales: cantigas de Santa María y cantigas de Martín Códax. (1 punto)*

**1.2.** A sinfonía programática e o poema sinfónico no Romanticismo. / *La sinfonía programática y el poema sinfónico en el Romanticismo. (1 punto)*

**PREGUNTA 2. Desenvolva os seguintes dous temas:** / *Desarrolle los dos temas siguientes:*

Extensión aproximada: media páxina cada tema. / *Extensión aproximada: media página cada tema.*

**2.1.** A triloxía operística de Wolfgang A. Mozart con Lorenzo da Ponte: «Le nozze di Figaro», «Don Giovanni» e «Cosí fan tutte». / *La trilogía operística de Wolfgang A. Mozart con Lorenzo da Ponte: «Le nozze di Figaro», «Don Giovanni» e «Cosí fan tutte». (1 punto)*

**2.2.** O ballet «A consagración da primavera» de Igor Stravinsky. / *El ballet «La consagración de la primavera» de Igor Stravinsky.. (1 punto)*

**PREGUNTA 3 Defina os 4 seguintes conceptos en 1-4 liñas por definición:** / *Defina los 4 conceptos siguientes en 1-4 líneas por definición:*

**3.1.** Monodía (0,5 puntos), **3.2.** Ballet de cour (0,5 puntos), **3.3.** Recitativo (0,5 puntos), **3.4.** Panxoliña / Villancico (0,5 puntos)

**PREGUNTA 4 Defina os 4 seguintes conceptos en 1-4 liñas por definición:** / *Defina los 4 conceptos siguientes en 1-4 líneas por definición:*

**4.1.** Cantus firmus (0,5 puntos), **4.2.** Ópera (0,5 puntos), **4.3.** Suite (0,5 puntos), **4.4.** Contrapunto (0,5 puntos)

**PREGUNTA 5. Lea o texto e responda os apartados que se formulan despois do mesmo. Extensión máxima: media páxina.** / *Lea el texto y responda los apartados que se formulan después del mismo. Extensión máxima: media página.*

“Ningún cristián descoñece, ao meu entender, que cantar himnos relixiosos é unha cousa boa e grata para o Señor; xa que de todos é coñecido, non soamente o exemplo dos profetas e dos soberanos do Antigo Testamento (os cales glorificaban a Deus cantando himnos e tocando todo tipo de instrumentos de corda), senón tamén aquel costume especial da maioría dos cristiáns de cantar salmos desde o principio. É máis, San Paulo confirmao nos Corintios 14 e recomenda ás grandes personalidades que canten de memoria salmos e cantos espirituais ao Señor para que a palabra de Deus e o seu ensino poidan difundirse e practicarse en todas as modalidades. (...). Ademais estes cantos foron adaptados para catro voces polo motivo que eu desexaba, que os mozos (á parte diso, poidan e deban estar educados musicalmente e noutras artes) tivesen ao seu alcance algunha cousa para que se desfixesen das súas cancionciñas de amor e cantos licenciosos e no seu lugar puidesen aprender cousas moralmente sas e deste xeito someterse con alegría, como convén ao ben, e como non son partidario de que, segundo o Evanxeo, todas as artes deban suprimirse ou sucumbir, como certos beatos pretenden, e que de boa gana tratarían de que todos estivesen ao servizo daquel que as creou e doou. Por esa razón pido que todo cristián piadoso queira aceptar todo isto, oxalá! Que Deus lle conceda un talento igual ou maior e o axude a promovelos. Ademais, desgraciadamente, o mundo é tan débil e indiferente no referente á educación dos pobres mozos que non se debe de ningunha maneira deixar que as cousas sigan así. Oxalá! Deus concédanos a súa graza. Amén”

**5.1.** A partir da información recollida no texto, sitúeo cronoloxicamente e xeograficamente e comente o problema do que trata. / *A partir de la información recogida en el texto, sitúelo cronológica y geográficamente y comente el problema del que trata. (1 punto)*

**5.2.** No texto fálase da adaptación de uns cantos “a catro voces”. De que cantos se trata e cal foi o seu papel na música relixiosa na que o autor se sitúa? / *En el texto se habla de la adaptación de unos cantos “a cuatro voces”. ¿De qué cantos se trata y cual fue su papel en la música religiosa en la que el autor se sitúa?. (1 punto)*

**PREGUNTA 6. Lea o texto e responda os apartados que se formulan despois do mesmo. Extensión máxima: media páxina.** / *Lea el texto y responda los apartados que se formulan después del mismo. Extensión máxima: media página.*

“Caín en algo así como como un estado de somnambulismo, no que de súpeto tiven a sensación de estar inmerso nunhas augas que se movían a enorme velocidade. O seu movemento pronto se converteu no acorde do mi bemol maior, que soaba en arpejos persistentes; á súa vez, estes transformáronse en figuracións melódicas que cada

vez adquirirían maior velocidade, sen que a tríade de mi bemol maior cambiase nunca, e esa continuidade parecía dotar dunha infinita transcendencia ao elemento no que eu me afundía. De súpeto, esperteime aterrorizado deste transo, coma se as ondas rompesen moi por riba da miña cabeza. Advertín ao instante que o preludio orquestral a *O Anel* –durante moito tempo latente no meu interior, pero incipiente ata ese momento– por fin fora revelado, e vin tamén con absoluta precisión como chegara a min: o fluxo vital procedía do meu interior, non do exterior”.

**6.1.** Sitúe cronoloxicamente o documento a partir dos datos que nel se dan; comente a que xénero fai referencia o autor e cal era a situación dese xénero nese momento, no relativo ao tratamento da relación entre a música e a letra da obra. / *Sitúe cronológicamente el documento a partir de los datos que se dan en él; comente a qué género hace referencia el autor y cuál era la situación de ese género en ese momento, en lo relativo al tratamiento de la relación entre la música y la letra de la obra. (1 punto)*

**6.2.** O autor describe a creación como un proceso de “revelación”; comente en que estilo musical histórico se desenvolveu con especial énfase este concepto da creación e como impactou na estética da música e na súa relación coas demais artes. / *El autor describe la creación como un proceso de “revelación”; comente en qué estilo musical histórico se desarrolló con especial énfasis este concepto de creación y como impactó en la estética de la música y en su relación con las demás artes. (1 punto)*

**PREGUNTA 7.** Observe a imaxe e responda os dous apartados. Extensión máxima: media páxina. / *Observe la imagen y responda los dos apartados. Extensión máxima: media página.*



**7.1.** Identifique a imaxe, sitúe cronoloxicamente e describa o seu uso. / *Identifique la imagen, sitúela cronológicamente y describa su uso. (1 punto)*

**7.2.** Na parte inferior dereita da imaxe, pódese ver en vertical unha lista de termos numerados correlativamente: a que se refiren? / *En la parte inferior derecha de la imagen, se puede ver en vertical una lista de términos numerados correlativamente: ¿a qué se refieren? (1 punto)*

**PREGUNTA 8.** Observe a imaxe e responda os dous apartados. Extensión máxima: media páxina. / *Observe la imagen y responda los dos apartados. Extensión máxima: media página.*



**8.1.** Á vista do conxunto musical da imaxe, defina que tipo de agrupación é, nomee e clasifique os instrumentos e sitúe cronoloxicamente e estilisticamente. / *A la vista del conjunto musical de la imagen, defina qué tipo de agrupación es, nombre y clasifique los instrumentos y sitúela cronológica y estilísticamente. (1 punto).*

**8.2.** Observe a figura do músico que está sentado ao teclado: que funcións está a facer e como evolucionou esta función entre a época desta agrupación e o século XIX?. / *Observe la figura del músico que está sentado al teclado: ¿qué funciones está haciendo y cómo evolucionó esta función entre la época de esta agrupación y el siglo XIX?. (1 punto)*

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Si responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 5 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos de las que podrá responder un MÁXIMO DE 5, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 5 primeras respondidas.*

**PREGUNTA 1. Desenvolva os seguintes dous temas:** / *Desarrolle los dos temas siguientes:*

Extensión aproximada: media páxina cada tema. / *Extensión aproximada: media página cada tema.*

**1.1.** A Suite de Danzas no Renacemento. / *La Suite de Danzas en el Renacimiento. (1 punto)*

**1.2.** O drama musical: «O anel do nibelungo» de Richard Wagner. / *El drama musical: «El anillo del nibelungo» de Richard Wagner. (1 punto)*

**PREGUNTA 2. Desenvolva os seguintes dous temas:** / *Desarrolle los dos temas siguientes:*

Extensión aproximada: media páxina cada tema. / *Extensión aproximada: media página cada tema.*

**2.1.** A Escola Española de música relixiosa no Renacemento: Tomás Luis de Victoria, Cristóbal de Morales e Francisco Guerrero. / *La Escuela Española de música religiosa en el Renacimiento: Tomás Luis de Victoria, Cristóbal de Morales y Francisco Guerrero. (1 punto)*

**2.2.** O ballet «A consagración da primavera» de Igor Stravinsky. / *El ballet «La consagración de la primavera» de Igor Stravinsky. (1 punto)*

**PREGUNTA 3 Defina os 4 seguintes conceptos en 1-4 liñas por definición:** / *Defina los 4 conceptos siguientes en 1-4 líneas por definición:*

**3.1.** Poema sinfónico (0,5 puntos), **3.2.** Motete (0,5 puntos), **3.3.** Lied (0,5 puntos), **3.4.** Ordinario da Misa (0,5 puntos)

**PREGUNTA 4 Defina os 4 seguintes conceptos en 1-4 liñas por definición:** / *Defina los 4 conceptos siguientes en 1-4 líneas por definición:*

**4.1.** Polifonía (0,5 puntos), **4.2.** Nocturno (0,5 puntos), **4.3.** Baixo continuo (0,5 puntos), **4.4.** Música aleatoria (0,5 puntos)

**PREGUNTA 5. Lea o texto e responda os apartados que se formulan despois do mesmo. Extensión máxima: media páxina.** / *Lea el texto y responda los apartados que se formulan después del mismo. Extensión máxima: media página.*

“Na arte musical pódense distinguir tres tipos de actividade: a primeira concirne aos instrumentos, a segunda crea os cantos e a terceira discirne e vulga a obra dos instrumentos e o canto. Aqueles que se dedican aos instrumentos e que esgotan o seu labor niso, como os citaristas e cantos demostran a súa habilidade no órgano ou nos demais instrumentos musicais, son alleos á intelixencia da doutrina musical porque actúan como servidores -como xa dixen- e non achegan nada racional, por carecer de toda especulación. O segundo grupo que ten que ver coa música é o dos poetas, os cales son levados ao canto máis por un instinto natural que pola razón e a especulación: por iso tampouco esta segunda categoría debe considerarse partícipe da música. O terceiro grupo é o que alcanza unha capacidade de xuízo para valorar os ritmos, as melodías e o seu texto. Todo iso, se se produce no ámbito especulativo da razón, será considerado moi pertinente á música. Por iso, músico é aquel que posúe a capacidade de vulgar, segundo criterios racionais e especulativos apropiados e convenientes á música, todos os temas que explicaremos máis adiante e os cantos dos poetas.”

**5.1.** De entre as diferentes actividades que se poden dar na música, cal é a xuízo do autor a máis importante, e por que? / *De entre las diferentes actividades que se pueden dar en la música, ¿cuál es a juicio del autor la más importante y por qué? (1 punto)*

**5.2.** Tendo en conta a situación cronolóxica do texto, relacione o asunto que trata coa tradición práctica e teórica anterior ao texto e coa súa evolución, nos séculos seguintes ao texto. / *Teniendo en cuenta la ubicación cronológica del texto, relacione el asunto que trata con la tradición práctica y teórica anterior al texto y con su evolución, en los siglos siguientes al texto. (1 punto)*

**PREGUNTA 6. Lea o texto e responda os apartados que se formulan despois do mesmo. Extensión máxima: media páxina.** / *Lea el texto y responda los apartados que se formulan después del mismo. Extensión máxima: media página.*

“ALTEZA REAL! Cando me dispuxen a elaborar a música do Alcestis propúxenme desposuíla completamente de todos eses abusos que sendo introducidos pola mal entendida vaidade dos Cantantes, ou ben pola demasiada compracencia dos Mestres, hai tempo que desfiguran a Ópera italiana, e converten ao máis pomposo e máis fermoso de todos os espectáculos no máis ridículo e o máis aburrido. Pensei restrinxir a música ao seu verdadeiro oficio de servir á poesía, para as expresións e para as situacións da narración, sen interromper a acción e sen arrefrialo con

adornos superfluos e inútiles, e diría que a música tiña que facer, sobre un plan moi correcto e moi preparado, viveza de cores e un contraste ben fornecido de luces e sombras, que serven para animar as figuras sen alterar os seus contornos. Así pois, non quixen deter a un actor na calor do diálogo co fin de esperar un aburrido refrán, nin detelo coa palabra a medias sobre unha vogal favorable, nin facer pompa nunha longa pasaxe da axilidade da súa fermosa voz, nin esperar que a Orquestra lle dea tempo de tomar alento para unha cadencia. Non crin oportuno desenvolver rapidamente a segunda parte dun aria, a pesar de ser a máis apaixonada e importante posto que había posibilidade de repetir regularmente catro veces a letra da primeira, e terminar a aria onde quizais non termina o sentido, para darlle a posibilidade ao cantante de facer ver que pode variar unha pasaxe de moitas maneiras, caprichosamente; resumindo, tratei de deixar ao carón todos eses abusos que chocaban desde hai moito tempo, en balde, contra o sentido común e contra a razón. (...) O éxito xustificou as miñas máximas, e a universal aceptación nunha cidade tan iluminada, o que fixo ver claramente que a sinxeleza, a verdade e a naturalidade son os grandes principios do fermoso en todas as producións da arte.”

**6.1.** Sobre que xénero musical trata o texto e cal é situación dese xénero no momento histórico no que o texto se sitúa? / *¿Sobre qué género musical trata el texto y cuál es la situación de ese género en el momento histórico en el que el texto se sitúa?* (1 punto)

**6.2.** Cales son os “abusos” que o autor denuncia no texto e que, ao seu xuízo, foron introducidos pola “vaidade dos Cantantes”? / *¿Cuáles son los “abusos” que el autor denuncia en el texto y que, a su juicio, fueron introducidos por la “vanidad de los Cantantes”?* (1 punto)

**PREGUNTA 7.** Observe a imaxe e responda os dous apartados. Extensión máxima: media páxina. / *Observe la imagen y responda los dos apartados. Extensión máxima: media página.*



**7.1.** A imaxe mostra unha escena musical na que se recrea un xénero da música clásica. Pode identificar o xénero polo número e tipo de instrumentos? / *La imagen muestra una escena musical en la que se recrea un género de la música clásica. ¿Puede identificar el género por el número y tipo de instrumentos?* (1 punto)

**7.2.** Sentado ao teclado hai un neno moi novo. Era, ou é, isto algo habitual no mundo da música? Tendo en conta o vestuario dos personaxes, suxírelle algún personaxe histórico concreto? / *Sentado al teclado hai un niño muy joven. ¿Era, o es, esto algo habitual en el mundo de la música? Teniendo en cuenta el vestuario de los personajes ¿le sugiere algún personaje histórico concreto?* (1 punto)

**PREGUNTA 8.** Observe a imaxe e responda os dous apartados. Extensión máxima: media páxina. / *Observe la imagen y responda los dos apartados. Extensión máxima: media página*



**8.1.** Na imaxe aparece un grupo de músicos a redor dun personaxe central. Identifique o contexto social e histórico da escena representada / *En la imagen aparece un grupo de músicos alrededor de un personaje central. Identifique el contexto social e histórico de la escena representada.* (1 punto).

**8.2.** Identifique e clasifique os instrumentos que aparecen representados / *Identifique y clasifique los instrumentos que aparecen representados.* (1 punto)

ABAU 2024  
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

***HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA***  
**(Cód. 82)**

A distribución da puntuación para cada pregunta e/ou apartado é a que figura no MODELO DE EXAMEN publicado na páxina oficial da CIUG.

Con carácter máis concreto, atenderase ás indicacións que seguen, para cada tipo de pregunta.

**Temas a desenvolver**

- Completitude da información requirida 0,75 ptos.
- Vocabulario técnico ou específico, e corrección na expresión 0,25 ptos.

**Definición de conceptos**

- Resposta completa e correcta, por cada concepto 0,5 ptos.
- Resposta parcialmente completa e/ou correcta, por cada concepto 0,25 ptos.

**Análise de texto**

- Resposta completa e correcta, por cada pregunta 1 pto.
- Resposta parcialmente completa e/ou correcta, por cada pregunta 0,5 ptos.

**Análise de imaxe**

- Resposta completa e correcta, por cada pregunta 1 pto.
- Resposta parcialmente completa e/ou correcta, por cada pregunta 0,5 ptos.